

**2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA**

**INSTRUCCIÓNs:**

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. Esta proba consiste nun cuestionario eliminatorio de supostos prácticos da parte específica do programa, de 100 preguntas tipo test con 10 de reserva (as 10 últimas, da E101 á E110), que deberán ser contestadas entre os números **E1** e **E110**, no corpo principal da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame. Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

***LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO  
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO***

**EXAME EN GALEGO**

1. Cal dos seguintes fármacos mostrou beneficio nun ensaio multicéntrico en nenos/as e adolescentes de 1 a 18 anos con insuficiencia cardíaca con FEVE reducida sintomática?

- A) Inhibidores do SGLT2
- B) Sacubitrilo-valsartan
- C) Antagonistas do receptor mineralocorticoide
- D) Digoxina

2. En presenza de vea cava superior esquerda persistente e drenaxe ao seo coronario como única anomalía, tras inxección de contraste na vea antecubital esquerda, cal das seguintes cavidades é a primeira en opacificarse:

- A) Ventrículo dereito
- B) Aurícula esquerda
- C) Ventrículo esquerdo
- D) Aurícula dereita

3. Sinala a CORRECTA en canto á cardioversión de pacientes con fibrilación auricular (FA):

- A) Os factores asociados con incremento de risco de recorrencia de FA tras cardioversión electiva son: idade, sexo masculino, cardioversión previa, enfermidade pulmonar obstrutiva, insuficiencia renal, enfermidade estrutural cardíaca, volume indexado de aurícula esquerda aumentado e insuficiencia cardíaca
- B) Os pacientes con FA de máis de 48 horas de inicio deben recibir tratamento anticoagulante durante polo menos 4 semanas antes da cardioversión electiva
- C) Os pacientes con FA de duración maior a 24 h sometidos a cardioversión deben continuar con anticoagulación terapéutica durante polo menos 4 semanas
- D) Non se recomenda o uso de vernakalant en pacientes con síndrome coronaria agudo recente (menos de 12 meses) e insuficiencia cardíaca (NYHA II-IV)

4. Con respecto ao estudo Victoria, que avaliou a utilidade de vericiguat fronte a placebo en pacientes con insuficiencia cardíaca crónica sintomática e fracción de execución reducida que estaban a recibir tratamento médico estándar. Cal é a opción de resposta CORRECTA?:

- A) O estudo incluíu pacientes de maior risco que o resto de estudos contemporáneos de fármacos en insuficiencia cardíaca
- B) Moi boa tolerabilidade conseguindo titular o fármaco ata dose plena en mais do 90% dos pacientes
- C) No grupo tratamento reduciuse o endpoint combinado de morte por causa cardiovascular ou primeira hospitalización por insuficiencia cardíaca
- D) Todas as respostas son correctas

5. Con respecto ao tratamento da hiperpotasemia na insuficiencia cardíaca, cal das seguintes afirmacións é FALSA?

- A) Patiromer e ciclosilato de circonio e sodio teñen unha peor tolerancia e seguridade que as resinas catiónicas
- B) O inicio de acción do ciclosilato de circonio e sodio é máis precoz que o de patiromer
- C) O patiromer e o ciclosilato de circonio e sodio aumentan a excreción fecal de potasio
- D) A administración de compostos redutores de potasio permite instaurar ou aumentar o tratamento estándar da insuficiencia cardíaca con FE reducida nunha maior proporción de pacientes

6. Respecto ao tratamento das comorbilidades nos pacientes con insuficiencia cardíaca e fracción de exección reducida, é CERTO que:


- A) A vacinación antigripal e antipneumocócica é prexudicial
- B) No caso de depresión maior están recomendados os antidepressivos tricíclicos
- C) Nos pacientes diabéticos é seguro utilizar saxagliptina para o control glicémico
- D) O tratamento con ferro-carboximaltosa debe considerarse en pacientes sintomáticos con déficit de ferro

7. Cal das seguintes afirmacións é CORRECTA respecto ao osixenador extracorpóreo de membrana (ECMO)?

- A) É unha asistencia circulatoria de fluxo pulsátil
- B) Non necesita anticoagulación
- C) Proporciona descarga ventricular completa
- D) Mostrouse eficaz como ponte a unha asistencia ventricular de longa duración ou como ponte a transplante cardíaco

8. En que situación aconsellaría a intervención valvular nun paciente asintomático con insuficiencia aórtica severa?

- A) Se a fracción de exección do ventrículo esquerdo é de 55%
- B) Se o diámetro telediastólico do ventrículo esquerdo é de 65mm
- C) Se a raíz aórtica é de 50 mm
- D) Se o diámetro telesistólico do ventrículo esquerdo é de 55 mm



9. Varón de 23 anos que acode a urxencias por palpitacións. Refire que no recoñecemento de empresa dixéronlle que tiña unha alteración no ECG pola que estaba pendente de consulta en cardioloxía. O ECG mostra unha taquicardia irregular de QRS ancho, cunha frecuencia cardíaca de 205 lpm (ver imaxe). Cal das seguintes opcións é INCORRECTA?

- A) O tratamento de elección para a cardioversión farmacolóxica é a procainamida ou o ibutilide
- B) A amiodarona é a alternativa ao tratamento con procainamida
- C) A arritmia máis frecuente nestes pacientes é a taquicardia por reentrada auriculoventricular
- D) O tratamento de elección nos pacientes con esta patoloxía que presentan arritmias recorrentes e FA é a ablación con catéter

**10. Sinala a resposta CORRECTA:**

- A) En pacientes con síncope e bloqueo bifascicular, un intervalo His-ventricular prolongado (HV) maior ou igual a 50ms ou HV maior ou igual a 70ms tras estrés farmacolóxico con ajmalina, flecainida, procainamida ou disopiramida, identifica pacientes con maior risco de desenvolver bloqueo auriculoventricular
- B) Na valoración de pacientes con síncope sen cardiopatía estrutural e ECG normal préfirese implante de Holter insertable fronte ao estudo electrofisiolóxico
- C) O tilt test pódese considerar no estudo de pacientes con sospeita de síncope reflexo recorrente
- D) Defínese hipersensibilidade do seo carotídeo como a indución dunha pausa ventricular maior de 6 segundos ou caída tensional maior de 50 mmHg tras masaxe do seo carotídeo

**11. Cal dos seguintes criterios NON suxire unha orixe ventricular dunha taquicardia regular de QRS ancho?**

- A) Patrón concordante negativo en todas as precordiais
- B) Se QRS con morfoloxía de BRD, patrón R/S maior que 1 (patrón R/S > 1) en V6
- C) Distancia desde o comezo da onda R ao nadir da onda S maior que 100 ms en calquera precordial
- D) Presenza de disociación auriculoventricular ou latexos de fusión

**12. Paciente de 68 anos que acode a un hospital comarcal por cadro de dor torácica de 2 horas de evolución. No ECG realizado en urxencias obsérvase elevación de ST anterior. Despois de contactar telefonicamente co 061 e hospital con dispoñibilidade de anxioplastia primaria estímase finalmente un tempo de traslado ata a sala de hemodinámica do hospital de referencia duns 130 min, cal é a estratexia de reperfusión recomendada segundo as guías da ESC 2023?:**

- A) Fibrinólise i.v. en menos de 15 min e traslado inmediato a hospital con capacidade de anxioplastia primaria se fracasa o tratamento trombolítico ou en menos de 24 horas se presenta criterios de reperfusión
- B) Traslado inmediato a hospital con capacidade de anxioplastia primaria
- C) Fibrinólise i.v. en menos de 15 min, valorando en urxencias do hospital comarcal a efectividade do tratamento trombolítico antes de trasladalo a hospital con capacidade de anxioplastia primaria
- D) Fibrinólise i.v. en menos de 10 min e traslado inmediato a hospital con capacidade de anxioplastia primaria se fracasa o tratamento trombolítico ou en menos de 24 horas se presenta criterios de reperfusión

**13. Paciente de 70 anos ingresado tras SCA con elevación de ST anterior extenso en clase Killip III tratado con ICP primaria e que requiriu intubación orotraqueal para obter unha axeitada osixenación, aínda que sen hipotensión. Presenta ás 24 horas do ingreso un episodio de fibrilación auricular a 130 lpm acompañada de hipotensión (presión arterial media 60 mmHg) sen empeoramento da osixenación. Cal sería o manexo máis axeitado segundo as guías da ESC 2023?:**

- A) Amiodarona i.v. para control de resposta ventricular e tentar a cardioversión farmacolóxica. En caso de fracaso de cardioversión farmacolóxica, cardioversión eléctrica
- B) Cardioversión eléctrica e Amiodarona i.v. para prevención de recorrencias
- C) Cardioversión eléctrica e en caso de recorrencias, Amiodarona i.v.
- D) Cardioversión eléctrica. Tras a reversión a ritmo sinusal se ten bos parámetros de osixenación e corríxese a hipotensión, iniciar betabloqueantes a doses baixas como primeira medida farmacolóxica para a prevención de recorrencias

**14. Na insuficiencia cardíaca con fracción de execución reducida en pacientes embarazadas, cal das seguintes afirmacións é CORRECTA segundo as guías ESC de 2018 de manexo de enfermidade cardiovascular durante o embarazo?**

- A) Non se pode empregar anticoagulación durante o embarazo
- B) Prefírese sempre cesárea programada a parto vaxinal
- C) Nas pacientes que utilizaban previamente betabloqueantes antes do embarazo recoméndase suspendelos
- D) En pacientes con miocardiopatía periparto e miocardiopatía dilatada recoméndase sempre asesoramento sobre risco de recorrencia en futuros embarazos mesmo con FEVE recuperada

**15. Cal dos seguintes fármacos que reducen os triglicéridos demostrou a redución de eventos cardiovasculares no paciente de alto ou moi alto risco cardiovascular no correspondente estudo?**

- A) Pema fibrato (PROMINENT)
- B) Icosapento de etilo (REDUCE IT)
- C) Ácido eicosapentanóico-ácido docosahexanóico (STRENGTH)
- D) Todos son correctos

**16. Señala a FALSA sobre a cardiomiopatía arritmoxénica do ventrículo dereito (CAVD):**

- A) A RMN cardíaca debería considerarse a proba de primeira liña para valorar criterios de anormalidade funcional/estrutural do VD por ter maior sensibilidade
- B) O patrón de herdanza na maioría das familias con CAVD é autosómico dominante
- C) A flecainida está contraindicada en pacientes con CAVD
- D) Nos pacientes con CAVD, a presenza de síncope arrítmico, TVNS, FE do VD menor do 40%, FE de VI menor do 45% e a inducibilidade de TVMS no estudo electrofisiolóxico son datos de alto risco que se deberían ter en conta na toma de decisións sobre implante de DAI de prevención primaria

**17. Cal das seguintes situacións NON se considera contraindicación para a realización dun transplante cardíaco segundo a guía ESC 2021 de insuficiencia cardíaca?**

- A) Enfermidade arterial periférica ou cerebral grave
- B) Índice de masa corporal maior a 35
- C) Hipertensión pulmonar reversible
- D) Inestabilidade psicolóxica que comprometa o seguimento e o réxime terapéutico

**18. En cal dos seguintes supostos os inhibidores da PCSK9 teñen unha maior indicación segundo as guías ESC 2021 de prevención da enfermidade cardiovascular?**

- A) Paciente en prevención secundaria que non alcanza obxectivos coa dose máxima tolerada de estatinas e ezetimiba
- B) Paciente con intolerancia ás estatinas independentemente do seu risco cardiovascular
- C) Paciente en prevención primaria con risco cardiovascular alto sen hipercolesterolemia familiar
- D) Paciente con mala adherencia ao tratamento hipolipemiante oral

**19. Sobre o fibroelastoma papilar, sinala a FALSA:**

- A) Son os tumores que máis involucran as válvulas cardíacas
- B) Xeralmente son pequenos, como unha masa pequena e moi móbil unida ao endocardio da válvula
- C) Adoita provocar obstrución ou dano valvular
- D) A escisión cirúrxica recoméndase en casos sintomáticos ou aqueles do lado esquerdo máis grandes e móbiles

20. Cal é a redución esperada de colesterol LDL cunha politerapia de estatina de alta intensidade máis ezetimiba segundo a guía ESC 2021 sobre a prevención da enfermidade cardiovascular na práctica clínica?

- A) 40%
- B) 50%
- C) 65%
- D) 75%

21. Na endocardite infecciosa é posible pasar á antibioterapia oral nas seguintes circunstancias, EXCEPTO:

- A) Aos 5 días de antibioterapia óptima intravenosa
- B) Índice de masa corporal menor a 40
- C) Endocardite por *S. aureus*
- D) Ausencia de febre máis de 2 días

22. En cal destes pacientes con insuficiencia tricúspide secundaria a valvulopatía esquerda consideraría o tratamento cirúrxico?:


- A) Se a insuficiencia tricúspide é moderada con anel non dilatado durante a cirurxía da valvulopatía esquerda
- B) Se a insuficiencia tricúspide é leve a moderada con anel maior a 40mm durante a cirurxía da valvulopatía esquerda
- C) Se a insuficiencia tricúspide é severa tras cirurxía valvular esquerda con dilatación progresiva e disfunción avanzada de ventrículo dereito
- D) Se a insuficiencia tricúspide é severa tras cirurxía valvular esquerda con disfunción avanzada de ventrículo esquerdo

23. Home de 64 anos, hipertenso, diabético e fumador, acode por dispnea de moderados esforzos de 3 días de evolución. Atópase hemodinamicamente estable sen sopros cardíacos. Na auscultación pulmonar presenta diminución do murmurio vesicular sen outros achados. A Rx de tórax mostra índice cardiorácico do 50%. No ECG destaca fibrilación auricular con resposta ventricular a 90 lpm. O NT-proBNP é de 50 pg/ml. Cal dos seguintes diagnósticos considera que é o menos probable?

- A) Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica
- B) Tromboembolismo pulmonar
- C) Asma bronquial
- D) Insuficiencia cardíaca

24. Indica a CORRECTA respecto á ablación con catéter da fibrilación auricular (FA) e os resultados clínicos da mesma:

- A) O illamento de veas pulmonares é tanto máis efectivo canto máis remodelada estea a aurícula esquerda
- B) As recorrencias a longos períodos de seguimento non son infrecuentes, pero a calidade de vida vese significativamente mellorada
- C) O estudo CABANA demostra maior efectividade para o control do ritmo en comparación cos fármacos, pero a calidade de vida non se ve significativamente afectada
- D) A recorrencia precoz de FA tras o procedemento de ablación non é un preditor de recorrencias de FA posteriores



25. Home de 72 anos valorado por dispnea de moderados esforzos e sopro sistólico na exploración física. Realizouse estudo con ecocardiograma (moi limitado pola xanela) no que se describía unha hipertrofia ventricular esquerda moderada con función sistólica conservada. Realizouse cateterismo cardíaco no que se obtiveron os rexistros de presión de ventrículo esquerdo e aorta que se poden ver na imaxe previa. Cal é o diagnóstico máis probable?

- A) Estenose valvular aórtica
- B) Miocardiopatía hipertrófica obstrutiva
- C) Estenose subaórtica membranosa
- D) Dobre lesión valvular aórtica (estenose e insuficiencia aórtica)

26. Nunha estenose mitral significativa, cal das seguintes NON indica risco alto de embolias ou descompensación hemodinámica:

- A) Fibrilación auricular paroxística
- B) Presión pulmonar sistólica en repouso de 45 mmHg
- C) Xestación
- D) Contraste denso espontáneo en aurícula esquerda

27. Respecto ao manexo de pacientes con comunicación interauricular (CIA), sinale a opción CORRECTA segundo as guías da ESC 2020:

- A) Débese valorar o peche do defecto naqueles casos con resistencias pulmonares entre 3 e 5 unidades wood con fluxo esquerda-dereita significativo ( $Q_p:Q_s$  maior a 1.5)
- B) Os defectos tipo seo venoso superior (asociados a drenaxe venoso anómalo), son menos frecuentes que a suma dos defectos tipo seo venoso inferior e dos defectos tipo de seo coronario
- C) A CIA ostium secundum supón aproximadamente o 60 % dos casos
- D) En xeral considérase que un defecto non debería ter relevancia hemodinámica se o seu tamaño é menor a 15 mm

**28. Indica a FALSA no tratamento das taquicardias supraventriculares:**

- A) O esquema de tratamento agudo de taquicardia regular de QRS estreito estable hemodinamicamente consiste en: iniciar con manobras vagais; se fallan, adenosina endovenosa e se falla a adenosina debe empregarse verapamil, diltiazem ou b-bloqueantes endovenosos. Se falla todo o anterior: cardioversión eléctrica
- B) O tratamento de elección na taquicardia auricular focal recorrente ou incesante é a ablación con catéter
- C) En pacientes con síntomas mínimos e episodios curtos e infrecuentes de TRNAV pódese facer seguimento sen necesidade de ablación nin tratamento antiarrítmico
- D) Na taquicardia por reentrada do nodo auriculoventricular (TRNAV), o tratamento de elección na ablación con catéter é a realización de crioablación con modificación da vía rápida por ser a técnica con máis éxito, menos complicacións e menor recorrencia

**29. Indica a VERDADEIRA, segundo o publicado nas guías da ESC 2021 de marcapasos e terapia de resincronización cardíaca:**

- A) Recoméndase revisar o marcapasos antes dunha cirurxía, se non se realizou nos 3 meses previos
- B) En relación con pacientes portadores de marcapasos sometidos a tratamento de radioterapia, o risco de disfunción de marcapasos increméntase con doses acumuladas sobre o dispositivo por encima de 2 Gy
- C) O hematoma da bolsa de marcapasos é unha complicación moi infrecuente (menor do 0.1%). A evacuación do hematoma, necesaria en máis dun 20%, asóciase cun incremento de risco de infección de aproximadamente 15 veces
- D) A infección do dispositivo é unha das complicacións máis preocupantes. A taxa de infeccións é similar en implante de desfibrilador (DAI), resincronizadores (TRC) e marcapasos simples e é maior en recambios e procedementos de upgrade

**30. En relación co uso das troponinas de alta sensibilidade fronte á troponina convencional no manexo de SCA sen elevación de ST, sinale a opción FALSA:**

- A) Ten un valor predictivo negativo (VPN) para infarto máis alto, especialmente para aqueles que consultan precozmente
- B) Aumenta o número de pacientes diagnosticados de anxina inestable
- C) Os resultados deben valorarse no contexto clínico do paciente e co resto de probas complementarias, considerando outras posibilidades diagnósticas distintas ao infarto
- D) Nas guías da ESC 2023, o uso de algoritmo 0h/1h ou 0h/2h con determinación seriada de troponinas de alta sensibilidade é indicación clase I en pacientes con sospeita de SCA sen elevación de ST que non teñen criterios de moi alto risco

**31. En canto aos signos ecocardiográficos adicionais indicativos de hipertensión pulmonar, cal é INCORRECTA:**

- A) Deben estar presentes signos de polo menos dúas categorías
- B) Tempo de aceleración do tracto de saída ventrículo dereito menor de 105 ms
- C) Cociente TAPSE/PAPs menor de 0,45mm/mmHg
- D) Velocidade de regurxitación pulmonar diastólica temperá maior a 2,2m/s

**32. Segundo as guías de síndromes coronarias crónicas da ESC 2018, recoméndase a realización das seguintes probas para a avaliación dos pacientes sintomáticos con sospeita de cardiopatía isquémica crónica, EXCEPTO:**

- A) Test de detección de isquemia con imaxe ou TAC coronario, para estratificación de risco
- B) Ecocardiograma
- C) Coronariografía directa en pacientes sintomáticos con elevada probabilidade pretest
- D) Ergometría con finalidade diagnóstica

**33. Todos son criterios electrocardiográficos de hipertrofia ventricular esquerda MENOS:**

- A) Suma da profundidade de S en V1 e a onda R en V5 ou V6 (a de maior voltaxe das 2) maior de 35 mm
- B) Suma da onda R en aVL coa onda S de V3 maior de 28 mm en varóns e 20 mm en mulleres
- C) Unha puntuación na escala de Romhit–Estes maior de 5
- D) Desviación do eixo á dereita con onda R alta en V1–V2

**34. Segundo as guías da ESC 2022 de valoración e manexo cardiovascular de pacientes sometidos a cirurxía non cardíaca, indica a resposta FALSA:**

- A) Recoméndase iniciar betabloqueantes previo a cirurxía en cirurxías non cardíacas de alto risco en pacientes con enfermidade arterial coronaria ou que presentan dous ou máis factores clínicos de risco
- B) Nun paciente en tratamento con dobre antiagregación que se somete a unha extracción dental, recoméndase manter a dobre antiagregación por tratarse dunha intervención sen alto risco de sangrado
- C) No caso de estar indicada a suspensión de inhibidor de P2Y12 recoméndase suspender o ticagrelor 3–5 días, clopidogrel 5 días e prasugrel 7 días antes da cirurxía
- D) Recoméndase heparina de baixo peso molecular como alternativa á heparina non fraccionada en pacientes con válvula cardíaca protésica mecánica e cirurxía de alto risco de sangrado

**35. Segundo a guía ESC de 2023 para o manexo da enfermidade cardiovascular en pacientes con Diabetes Mellitus (DM) en pacientes con enfermidade renal crónica e DM recoméndase o emprego de finerenona para reducir os eventos cardiovasculares e fallo renal:**

- A) Cunha clase de recomendación I e nivel de evidencia A
- B) Cunha clase de recomendación IIb e nivel de evidencia C
- C) Cunha clase de recomendación IIa e nivel de evidencia A
- D) Cunha clase de recomendación IIa e nivel de evidencia B

**36. En cal destes pacientes con insuficiencia mitral primaria severa NON consideraría o tratamento cirúrxico?**

- A) Asintomático, con fracción de eiección do ventrículo esquerdo do 65%, diámetro telesistólico ventrículo esquerdo de 35 mm
- B) Asintomático con función do ventrículo esquerdo conservada e fibrilación auricular secundaria á valvulopatía
- C) Asintomático con función do ventrículo esquerdo conservada e presión arterial pulmonar sistólica de 55 mmHg
- D) Asintomático con función do ventrículo esquerdo conservada con aurícula de 60mm de diámetro se baixo risco cirúrxico e resultados duradeiros

**37. En relación coa indicación de implante de marcapasos en pacientes con implante de válvula transaórtica (TAVI), indica a resposta INCORRECTA segundo as guías da ESC 2021 de estimulación cardíaca e resincronización:**

- A) O predictor máis potente de necesidade de implante de marcapasos permanente é o bloqueo de rama dereita (BRDHH) preexistente
- B) Recoméndanse algoritmos para minimizar estimulación, xa que se observan baixas taxas de dependencia a longo prazo
- C) Recoméndase realizar monitorización ambulatoria prolongada ou estudo electrofisiolóxico nos pacientes con trastornos de condución preexistentes e prolongación do QRS ou PR maior de 20 mseg tras TAVI e que non progresan en 48 horas por tratarse de pacientes de alto risco de presentar bloqueo AV (BAV) completo
- D) Debería considerarse implante de marcapasos nas primeiras 24 horas en pacientes con bloqueo de rama dereita (BRDHH) preexistente que presentan maior trastorno da condución (BAV de alto grao transitorio, prolongación PR, cambio de eixo QRS) durante ou tras o implante da TAVI

**38. Acerca do sacubitrilo–valsartán, cal das seguintes afirmacións é INCORRECTA?**

- A) A dose inicial recomendada en todos os casos é un comprimido de 24 mg/26 mg dúas veces ao día
- B) Está contraindicado no embarazo
- C) Con uso previo de IECA debemos suspender o seu uso 36 horas antes de iniciar sacubitrilo–valsartán
- D) Non se require axuste de dose en pacientes con insuficiencia renal leve

**39. Sinala a CORRECTA no axuste de dose de anticoagulantes de acción directa na fibrilación auricular:**

- A) Rivaroxabán 15 mg/24h se aclaramento de creatinina menor de 60 ml/min
- B) Edoxabán 30 mg/24h se aclaramento de creatinina menor 50 ml/min, peso menor de 60 kg, tratamento con dronedarona, ciclosporina, eritromicina ou ketoconazol
- C) Dabigatrán 110 mg/12 horas se idade maior de 70 anos, toma verapamilo ou risco hemorráxico aumentado
- D) Apixabán 2.5 mg/12h se se cumpren 2 de 3 criterios: creatinina maior de 1.5 mg/dl, idade maior de 70 anos, peso menor de 70 kg

**40. Segundo a clasificación por etapas do shock cardioxénico da Society for Cardiovascular Angiography and Intervention (SCAI) un paciente en situación de shock clásico, definido como un estado de hipoperfusión que require intervención pero sen deterioración nin shock refractario, clasificaríase no seguinte estadio:**

- A) Estadio A
- B) Estadio B
- C) Estadio C
- D) Estadio D

**41. Respecto ao tratamento antiagregante durante a asistencia á síndrome coronaria aguda sen elevación de ST segundo as guías da ESC 2023, sinala a FALSA:**

- A) Non se recomenda a administración de Prasugrel ou Ticagrelor antes da coronariografía
- B) O Ticagrelor está contraindicado en pacientes a tratamento con Claritromicina
- C) Valorarase o uso de Cangrelor naqueles pacientes sometidos a intervencionismo coronario que non recibiron tratamento con inhibidores do receptor P2Y12 e nos que a administración en fase aguda dun inhibidor do receptor P2Y12 non é factible
- D) O Prasugrel está contraindicado en pacientes a tratamento con Ketoconazol

**42. En caso de endocardite infecciosa (EI) sinala a CORRECTA:**

- A) Na EI dereita está recomendada a cirurxía ante vexetacións maiores a 10mm
- B) Tras un accidente isquémico transitorio debería atrasarse a cirurxía cardíaca
- C) Ante sospeita de endocardite sobre dispositivo recoméndase dúas series de hemocultivos antes de iniciar antibioterapia
- D) Ante sospeita de endocardite sobre dispositivo recoméndase cubrir estafilococo meticilin-resistente e Gram-negativos

**43. Indica a CORRECTA en canto á ablación da fibrilación auricular (FA):**

- A) Pódese considerar a ablación con catéter da FA como primeira liña de tratamento en pacientes con FA con risco alto de miocardiopatía inducida por taquicardia se teñen síntomas de insuficiencia cardíaca
- B) Recoméndase suspender a anticoagulación oral 24 horas antes do procedemento e reinicio inmediato senón houbo complicacións
- C) Recoméndase manter a anticoagulación durante polo menos 2 meses tras a ablación con catéter
- D) Recoméndase manter de maneira sistemática o tratamento con fármacos antiarrítmicos polo menos 6 meses tras a ablación con catéter

**44. Na insuficiencia mitral primaria severa, a reparación "bordo con bordo" en pacientes sintomáticos, segundo a guía de valvulopatías de la ESC 2021, tería unha clase de recomendación:**

- A) I
- B) IIa
- C) IIb
- D) III

**45. Sinala a resposta FALSA en canto ao diagnóstico da FA:**

- A) A FA é a arritmia cardíaca sostida máis frecuente en adultos en todo o mundo
- B) Recoméndase o cribado oportunista da FA mediante a palpación do pulso ou tiras de ritmo de ECG en pacientes maiores de 65 anos
- C) Tras detectar FA na análise realizada por un/unha médico con experiencia dun rexistro ECG maior de 30 segundos obtido nun dispositivo móbil é necesario obter un ECG adicional que confirme o diagnóstico (p. ex. ECG de 12 derivacións, monitorización con Holter, etc)
- D) Débese considerar o cribado sistemático mediante ECG para a detección de FA en pacientes maiores de 75 anos ou con alto risco de ictus

**46. En pacientes con Diabetes Mellitus e enfermidade cardiovascular establecida, a nivel farmacolóxico, que debemos priorizar?**

- A) Alcanzar o obxectivo de HbA1c
- B) O beneficio cardiovascular
- C) A perda de peso
- D) O custo do tratamento

**47. Durante o cateterismo cardíaco dun posible caso de pericardite constrictiva, cal dos seguintes parámetros hemodinámicos achega unha maior especificidade e valor predictivo positivo?**

- A) Variación respiratoria do gradiente diastólico entre a presión capilar pulmonar e de ventrículo esquerdo maior ou igual a 5 mmHg
- B) Unha diferenza de presións telediastólicas entre ventrículo esquerdo e ventrículo dereito menor ou igual a 5 mmHg
- C) Variación respiratoria de presión de aurícula dereita media menor a 3 mmHg
- D) Índice de área sistólica entre a curva de presión de ventrículo esquerdo e ventrículo dereito en inspiración dividido entre o mesmo cociente en espiración maior de 1.1 (interdependencia ventricular)

**48. As seguintes estatinas metabolízanse a nivel hepático a través das isoenzimas do citocromo P450 (CYP3A4) EXCEPTO:**

- A) Atorvastatina
- B) Simvastatina
- C) Rosuvastatina
- D) Lovastatina

**49. Respecto da insuficiencia cardíaca (IC) segundo as guías de IC da ESC 2021 é FALSO que:**

- A) A incidencia total de IC está en aumento debido ao envellecemento da poboación
- B) En países occidentais e desenvolvidos, a enfermidade coronaria e a hipertensión son os factores etiolóxicos predominantes
- C) A prevalencia de IC é máis do 10% nos maiores de 70 anos
- D) Segundo os resultados de estudos sobre pacientes hospitalizados con IC máis do 90% ten IC con FEVE reducida

**50. Respecto aos pacientes con coartación de aorta, sinale a FALSA:**

- A) En pacientes hipertensos debería valorarse o tratamento con stent se presentan un estreitamento maior ou igual a un 50 % respecto ao diámetro da aorta ascendente
- B) Asóciase a válvula aórtica bicúspide nun 85 % dos casos
- C) A reparación está indicada en pacientes hipertensos con gradientes de tensión arterial (medida de forma non invasiva) entre membros superiores e inferiores maiores ou iguais a 20 mmHg
- D) Ata un 10 % dos pacientes poden ter aneurismas cerebrais

**51. A adecuada medida da aorta ascendente proximal no adulto mediante ecocardiografía bidimensional realízase no plano paraesternal lonxitudinal:**

- A) De bordo interno a bordo interno en telediástole
- B) De primeiro eco a primeiro eco en telediástole
- C) De primeiro eco a primeiro eco en telesístole
- D) De bordo interno a bordo interno en mesosístole

**52. Respecto á estratificación de risco en pacientes con cardiopatía isquémica crónica segundo as guías da ESC 2018, sinala a opción INCORRECTA:**

- A) Se o paciente xa dispón dun TAC coronario non concluínte e a sintomatoloxía é dubidosa debería realizarse test de imaxe de stress antes de solicitar unha coronariografía diagnóstica
- B) Durante a coronariografía en pacientes con estenose intermedia de tronco común esquerdo debe valorase a ecografía intravascular para estratificación prognóstica
- C) Recoméndase para estratificación prognóstica, a realización de coronariografía con avaliación fisiolóxica (FFR/iFR) en pacientes con resultados de probas non invasivas con criterios de alto risco nos que se considere que a revascularización pode mellorar o prognóstico
- D) Non se recomenda a coronariografía cando se indica para estratificación de risco se non existen outros condicionantes

**53. Sinala a resposta INCORRECTA en relación coa hipertensión arterial resistente:**

- A) Recoméndase documentar o mal control mediante MAPA ou AMPA
- B) A hipertensión resistente defínese como unha PA descontrolada a pesar do tratamento coas doses óptimas ou mellor toleradas de 3 ou máis fármacos que inclúan un diurético
- C) Está recomendado o uso de terapias baseadas en dispositivos ou denervación renal
- D) Recoméndase engadir espironolactona como cuarto paso de tratamento farmacolóxico

**54. Paciente diabético con SCA sen elevación ST con fibrilación auricular non valvular que requirirá anticoagulación oral crónica. Na coronariografía détectase enfermidade coronaria trivascular que se revasculariza con stents nos tres territorios. Se o risco hemorráxico é baixo e prefírese reducir o risco de eventos isquémicos, cal será a estratexia máis adecuada para o manexo antitrombótico segundo as guías da ESC 2023?:**

